

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DAS TRAIIDAS DE AUGAS PARA O IMPULSO DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS COMUNIDADES E PARA A FORMACIÓN DOS SEUS USUARIOS

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2024

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Juan Joaquín Pousa Fernández, Presidente da Asociación das Traídas de Augas (en adiate Coxapo), actuando no nome e representación da citada asociación, de conformidade co establecido no artigo 12.2 a) dos seus Estatutos.



Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades

públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

Segundo. Coxapo é unha asociación sen ánimo de lucro que integra como socios a comunidades de usuarios de augas. Segundo o disposto nos seus estatutos (artigo 5), entre os seus fins principais atópanse o de defender os dereitos das comunidades de auga como entidades subministradoras de auga e que poidan seguir exercendo ese papel no futuro ante calquera organismo, así como o de fomentar o progreso dos seus membros mediante a realización de estudos e a difusión dos medios para a formación correspondente.

Para levar a cabo estes fins, a Asociación poderá establecer liñas de actuación adecuadas en orde ao coidado do medio ambiente, definir as políticas para unha xestión adecuada do aproveitamento da auga, así como elaborar programas de formación para os directivos das comunidades asociadas.



Terceiro. As comunidades de usuarios teñen o carácter de corporacións de dereito público; a súa función é a xestión e ordenación interna da auga, con dereitos inscritos ao seu favor e demais bens que integran o dominio público hidráulico, baixo a supervisión do organismo de conca ao que estean adscritas. Así, Augas de Galicia debe velar polo cumprimento dos seus estatutos e pola boa orde do aproveitamento, tendo funcións de tutela respecto das comunidades de usuarios da demarcación hidrográfica de Galicia Costa.

Cuarto. Coxapo integra a varias comunidades de usuarios que teñen como finalidade principal o aproveitamento das augas procedentes de mananciais e a condución ata as vivendas ou parcelas de rega, no seu caso. A consecución desta finalidade leva consigo a realización de actividades de xestión ás veces

Asociación de Usuarios de Auga
Coxapo
G-36.539.054

complexa que moitas comunidades de usuarios teñen dificultades para afrontar adecuadamente.

Formar aos profesionais e usuarios ligados a xestión dos sistemas de abastecemento é imprescindible para preparalos para que poidan coñecer e afrontar o seu funcionamento e mantemento, as problemáticas que poidan existir, as posibles solucións e a implementación destas para acadar a eficiencia dos sistemas. Deste xeito a Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, promove esta formación como unha ferramenta importante para acadar unha xestión sostible no uso da auga.

Coxapo conta con experiencia na xestión das comunidades de usuarios e está a traballar nunha aplicación e programa informático que permita aos administradores xestionar as comunidades de usuarios de xeito correcto e sinxelo, con funcionalidades como as de control de referencias de suministro, de usuarios e socios, permitindo que dende un apartado centralizado se visualicen e controlen os gastos e consumos de cada usuario; de control dos bens da comunidades, permitindo o seu correcto mantemento; ou de lectura dos contadores a través dun dispositivo portátil.

Tendo en conta o anterior resulta de interese para as dúas partes colaborar para a o desenvolvemento de actividades de transformación dixital, formativas e divulgativas e en materia da auga.

CLÁUSULAS

PRIMERA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e Coxapo para a realización

de actividades de transformación dixital das comunidades de usuarios, para a formación dos seus membros e para a realización de actividades divulgativas en materia da auga.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

Coxapo comprométese a:

1. Remitir trimestralmente o plan de actuacións que se vaia levar a cabo.
2. Realizar as actividades para a transformación dixital das comunidades de usuarios indicadas no anexo I segundo o recollido no plan trimestral de actuacións.
3. Organizar as actividades formativas, as visitas técnicas, as visitas de escolares e as xornadas indicadas no anexo I segundo o recollido no plan trimestral de actuacións.

Aguas de Galicia comprométese a:

1. Proporcionar os datos e información da que dispoña para o desenvolvemento das actuacións previstas.
2. Supervisar as metodoloxías a empregar e o plan trimestral proposto, podendo propoñer modificacións ao respecto.
3. Facilitar a participación do seu persoal nas actividades.
4. Compensar os custos que a realización das actividades conleven, de acordo co establecido na cláusula quinta.

TERCEIRA. GRUPO DE TRABAJO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, crearase un grupo de traballo, formado por persoal designado por cada unha das partes Coxapo



As Xornadas de Auga
Coxapo
16.339.054

para o seguimento das liñas de traballo e actividades recollidas no anexo I deste convenio de colaboración.

CUARTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

A circular blue stamp is located on the left side of the text. It contains the text 'XUNTA DE GALICIA' around the top and 'AGUAS DE GALICIA' around the bottom. In the center is a smaller version of the Galician coat of arms. The word 'PRESIDENCIA' is written across the middle of the stamp.

En razón das actuacións a realizar por Coxapo para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento das actividades, da que a súa desagregación queda recollida no anexo I deste convenio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de vinte e tres mil trescentos trinta e dous euros (23.332,00 €), con cargo á anualidade 2024 da conta 219. *Outro inmovilizado inmaterial* do seu programa de actuacións, investimentos e financiamento.

Augas de Galicia realizará un único pago a Coxapo na conta bancaria da que sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia, logo da presentación antes do 15 de outubro de 2024 da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.

A handwritten signature in blue ink is written vertically on the right side of the page. Below the signature is a blue rectangular stamp that reads 'AGUAS DE GALICIA' and 'COXAPO'.

- Calquera outro documento ou xustificante que sexa necesario para a adecuada xustificación dos gastos vinculados ao presente convenio. Concretamente, en relación cos custos directos:
 - Honorarios do persoal, xustificaranse mediante follas de honorarios e xustificante de pagamento bancario.
 - Viaxes e Dietas, xustificaranse mediante follas de desprazamentos, tickets e facturas e xustificante de pagamento.
 - Funxibles e outros custos, mediante facturas e documentos asociados ao gasto e xustificante de pagamento bancario.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.



Asígnase a
36.539.054

SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e COXAPO e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes



Asíntase de Augas de Galicia
COXAPO
G-36-339.054

- a inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- o incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DUODÉCIMA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.


A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan este documento por duplicado exemplar no lugar e na data do encabezamento

A presidenta
de Augas de Galicia

Ethel María Vázquez Mourelle



O presidente
da Asociación das Traídas de Augas

Juan Joaquín Pousa Fernández



ANEXO I. ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. IMPULSO DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS COMUNIDADES DE USUARIOS

Para o cumprimento dos obxectivos pretendidos as partes cooperarán para a realización das seguintes actividades:

- Analizar as potencialidades da dixitalización nas comunidades de usuarios.
- Seleccionar os elementos do abastecemento das comunidades de usuarios máis adecuados para a súa dixitalización.
- Realizar propostas específicas de dixitalización axeitadas ás características de cada un dos elementos de abastecemento seleccionados.
- Implantar, dun xeito experimental, propostas específicas desenvolvidas en elementos de abastecemento seleccionados.
- Analizar a compatibilidade dos sistemas de dixitalización das comunidades de usuarios coas especificacións técnicas dos sistemas que ten previsto implantar Augas de Galicia.

As actuacións anteriores estarán encamiñadas a que Augas de Galicia poida incorporar información dos sistemas dixitais das comunidades de usuarios no centro autonómico de xestión de datos da auga que se está configurando.

Os traballos realizados e os seus resultados e conclusións serán recompilados nun documento final que recolla todos estes extremos para a posible implantación de medidas de impulso da transformación dixital das comunidades de usuarios.

2. ACTUACIÓNS FORMATIVAS E DIVULGATIVAS



[Handwritten signature]
Dpto. Aguas de Agua
Dpto. COXAPRO
G-36.539.054

2.1 PLAN DE FORMACIÓN PARA AS COMUNIDADES DE USUARIOS.

OBXECTIVO:

Facilitar aos xestores e directivos das comunidades técnicas e ferramentas adecuadas para aplicar a autoxestión do abastecemento cumprindo co Programa de vixilancia sanitaria da auga de consumo humano e comprender dunha forma global toda as obrigacións e requisitos que deben cumprir as comunidades de usuarios.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Directivos de comunidades de usuarios e xestores delas.

DURACIÓN:

O curso está enfocado a unha xornada de traballo.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Preténdese impartir os cursos de formación en 8 concellos diferentes, nas 4 provincias de Galicia para abrir a formación e fomentar as boas practicas das comunidades en todo o territorio galego.

PROGRAMA DE FORMACIÓN:

O curso pretende nunha xornada de duración abarcar os puntos máis importantes para a correcta xestión do abastecemento desde o orixe da auga ao destino do consumidor final.

Ademais realizarase unha revisión descritiva de toda a normativa que afecta ás comunidades de usuarios tanto a nivel sanitario (RD3/2023) como tamén a nivel concesión (lei 1/2001, plans hidrolóxicos, leis autonómicas, estatais, municipais) e que deben ter en conta como responsables xestores da súa concesión para facer unha correcta xestión do recurso hídrico.

O curso apoiarse o seu contido a través de presentación power point por diferente persoal técnico, fichas técnicas de infraestruturas e documentación de apoio entregada aos asistentes para que lles sirva de guía no funcionamento da súa comunidade.

A continuación, detállase de maneira xenérica o temario do curso para impartir.

1. Orixe da auga. Importancia da contorna das captacións
2. Desde o manancial ao momento final do consumidor. Infraestruturas dunha comunidade de usuarios. Mantementos e materiais en contacto coa auga
 - a. Captacións. Definicións, tipos e exemplos.
 - b. Rede alta
 - c. Depósitos. Definicións, tipos, mantementos.
 - d. ETAPS
 - e. Rede baixa
 - f. Usuario final.
3. Importancia dos plans sanitarios da auga (PSA). Contidos mínimos e implantación dos mesmos.
4. Control da calidade da auga e frecuencias
 - a. Parámetros a controlar. Organoléptico, microbiolóxico e físico e químico. Frecuencias
 - b. Tomas de mostras. Importancia de recollida
 - c. Puntos críticos a vixiar nas instalacións.
5. Coñecemento das enfermidades transmitidas pola auga. Prevención.
6. Lexislación que afecta as comunidades. Obrigações que deben cumprir
7. Documentación importante que debe ter unha comunidade ao día.

2.2 VISITAS TÉCNICAS A COMUNIDADES DE USUARIOS.

OBXECTIVO:

Intercambio de experiencias e coñecemento de instalacións e formas de xestión.

LUGAR E DATA:

Realizaranse un total de 6 visitas ao longo do ano con diferentes comunidades de usuarios con persoal técnico que os acompaña e os xestores

das comunidades visitantes en diferentes comunidades que se poidan axustar aos prototipos dos directivos visitantes.

CONTIDO DAS VISITAS:

Realizaranse visitas ás instalacións doutras comunidades de usuarios que poñerán de relevo as características técnicas de cada instalación polos seus deseños de funcionamento modernos, eficientes e respectuosas co medio que os rodea. Desta forma os xestores de abastecemento que precisen tomar decisións respecto as súas instalacións poderán tomar exemplos de diferentes sistemas e adecualos ás súas instalacións.

O programa supón, tamén, un punto de encontro entre os diferentes directivos ou xestores das comunidades nas que compartirán boas prácticas e experiencia baseadas nas vivencias da súa comunidade, que axuda a establecer reflexións sobre as súas traídas.

Por outra banda, o intercambio de experiencias, tamén estará acompañado de persoal técnico que explique o funcionamento das instalacións e as características máis destacadas.

Estas visitas serán un punto importante de aprendizaxe e visualización do funcionamento dunha comunidade ben xestionada e que cumpra coa normativa vixente e poderán comprobar desde unha parte práctica o funcionamento como apoio ao curso teórico impartido.

2.3 VISITAS ESCOLARES ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS

OBXECTIVO:

Ensinar diferentes alternativas de abastecemento aos usuarios máis novos, mostrándolle o traballo, o voluntariado e o esforzo que realizan os directivos das comunidades de augas, así como os seus veciños para subministrar auga potable nas súas vivendas, creando conciencia social do bo uso da auga así como a importancia da mesma.

LUGAR E DATA:



A.s. Aguas de Galicia
C. 1150
3054

Prevese realizar 4 visitas a diferentes comunidades da contorna educativa dos centros escolares ao longo do ano 2024.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Grupos escolares.

2.4 CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA AUGA

OBXECTIVO:

Coñecer o orixe da auga, a importancia de coñecer a contorna no que vivimos e poñer en valor o traballo realizado polas comunidades de usuarios e as institucións públicas para ter auga con garantía sanitaria en cada vivenda

PERSOAS DESTINATARIAS:

Público xeral

LUGAR E DATA:

O 23 de marzo celébrase o día mundial da auga polo que se organizará no devandito mes unha xornada nun concello de Galicia.

CONTIDO:

Realizarase unha xornada con persoal técnico experto en materia da auga proveniente de diferentes campos (enxeñería, hidroloxía...) na que mostrará o orixe da auga na zona, os diferentes tipos de abastecemento así como un posterior coloquio para que os asistentes poidan intercambiar opinións e realizar preguntas sobre as súas inquietudes con respecto ao uso da auga.

